

# Eleccións Sindicais Universidade da Coruña 2019

## Procedemento para exercer o voto por correo

### 1. Comunicación á mesa coordinadora electoral:

O elector ou electora deberá comunicar á mesa que quere emitir o seu voto por correo. A comunicación debe facerse a través das oficinas de **Correos** en sobre aberto para ser datada e selada antes de ser certificada. O límite para solicitalo é de 5 días antes da votación (9 de maio). A persoa debe ir co seu NIF. A solicitude debe dirixirse, segundo corresponda, a (ver enderezo máis abaixo):

- Mesa Coordinadora PDI-Funcionario-UDC.
- Mesa Coordinadora PDI-Laboral-UDC
- Mesa Coordinadora PAS-Funcionario-UDC

A Mesa Coordinadora comunicará á Mesa Electoral correspondente ao centro no que lle corresponda votar que o elector ou electora vai votar por correo. A Mesa Coordinadora remitiralle as papeletas ao elector ou electora.

### 2. Voto por correo

Unha vez recibidas as papeletas desde a Mesa Coordinadora o elector ou electora debe votar na oficina de **Correos**, coa papeleta no sobre oficial pechado e dentro dun sobre máis grande, xunto cunha fotocopia do NIF. **Neste caso deberá dirixir a carta por correo certificado á MESA COORDINADORA correspondente**, que será a que llo faga chegar á mesa parcial á que pertenza o votante.

No caso de que no día da votación se atope no centro poderá votar persoalmente, manifestándollo á Mesa e ficando anulado o voto por correo.

### ENDEREZOS QUE SE PRECISAN:

- **Enderezo da Mesa Coordinadora** (para solicitar o voto por correo)

**MESA COORDINADORA PDI-FUNCIONARIO / PDI-LABORAL / PAS  
FUNCIONARIO**

Reitoría

R/ da Maestranza, 9. 15001 - A Coruña

**AS PRESIDENCIAS DAS MESAS COORDINADORAS DAS ELECCIÓNS SINDICAIS DO  
PERSOAL DA UDC**